

AS FESTAS POPULARES OURENSÁS NA FILATELIA ESPAÑOLA

Por M^a Elisa Abad Suárez

Repartidas ao longo e ancho de Galicia celébranse anualmente diversas festas ou feiras que marcan a evolución do calendario desde a tradición.

Unhas vinculadas á gastronomía, outras directamente relacionadas coa relixión, e algunas con distintivo propio de calidade marcado pola súa declaración de interese turístico; as festas galegas constitúen un indiscutible punto de referencia do noso país.


A continuación faise un percorrido polos elementos filatélicos españois nos que aparece algunha festa da provincia de Ourense.



FESTA DO VIÑO RIBADAVIA

A primeira ocasión na que sae á luz un cuño alusivo a unha Feira do Viño foi no ano 1973 con motivo da X Feira-Exposición do Viño do Ribeiro celebrada en Ribadavia; con un parón en 1978, o último da serie ata o día de hoxe é o correspondente ó ano 1982.

Tamén houbo rodilllos conmemorativos da Feira-Exposición dos Viños do Ribeiro dende o ano 1973 ata ó 1982 convidando a todo o que lea a acudir a visita-lo evento. Aparece outro no ano 1988.



FESTA DO "PULPO" CARBALLIÑO



A "Festa do Pulpo" vense celebrando en Carballiño o segundo domingo do mes de agosto dende o ano 1964, sendo as grandes protagonistas as pulpeiras de Arcos. Un rodillo en vigor do 15/7 ó 15/8 de 2004 promocionaba a XLII edición.

FESTA DO CABRITO VILARIÑO DE CONSO

Na feira gastronómica pódense degustar os produtos da zona como son o cabrito, o mel, chourizos, androlla, licores caseiros, bica e a sobremesa típica da zona os "montonicos" a base de hojaldre e leite condensada.





Houbo rodillo conmemorativo:

- os anos 2004 do 9/3 ó 9/4 e o 2005 do 5/1 ó 5/2 ilustrados co escudo
- o 2006 do 10/2 ó 11/3 e o 2007 do 1/2 ó 28/2 ilustrados co cabrilo.


FESTA DO BOI ALLARIZ

Dende 1983, ano da recuperación de "O Boi", a Festa do Boi vense celebrando na vila de Allariz.

Inicialmente a Festa contaba con 3 días, pasando progresivamente a ser na actualidade nada máis e nada menos que 9 días de festa. Houbo rodillo só o 2005 dende o 21 de abril ó 21 de maio.



ENTROIDO VERÍN



No ano 2005 do 18/1 ó 18/2 faise por primeira vez un rodillo alusivo ó Entroido da localidade ourensá de Verín. Ilustrada cunha carauta como o que funcionou do 28/1 ó 28/2 de 2006.

Un fragmento da máscara característica e arcaica da Comarca de Monterrei é a do Cigarrón que figura no rodillo do ano 2007 en vigor dende o 1/2 ó 28/2.



É unha carauta de pao traballada en madeira e pintada de xeito que nela resalten as cellas, as sonrosadas meixelas, amplo bigote, cínico sorriso mostrando a dentadura e barba falsa.